




GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ



Ó PLENO DO CONCELLO DE ALLARIZ

**MOCIÓN SOBRE A PROGRESIVA RETIRADA DE AMIANTO NAS EDIFICACIÓNS E
INFRAESTRUTURAS.**

Zaida Rodríguez Camba, na súa condición de Concelleira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Allariz, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe son coñecidas as perigosas consecuencias que para a saúde ten o amianto ou fibrocemento, coñecido popularmente como Uralita.

A lei dende fai algúns anos prohibe o seu uso indiscriminado e regula perfectamente o procedemento a seguir para a súa eliminación. Os riscos para a saúde son evidentes e sen caer en falsos alarmismos, resulta claramente desexable a súa progresiva erradicación.

A pesares da súa prohibición, nas nosas vilas e pobos aínda quedan moitas toneladas de asbesto, que poden supoñer un potencial risco para a saúde. Tamén no noso Concello existen este tipo de edificacións tal e como se demostra na reportaxe que acompaña esta moción.

Manifestado o anterior tamén é preciso recoñecer que a retirada e tratamento destes materias, é por un lado delicado e custoso para ser levada a cabo polos particulares, o mesmo que son retirados sen a preceptivas medidas de seguridade.



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

Dende o Grupo Socialista de Allariz consideramos que ven sendo tempo de que, dende as institucións públicas, se faga un esforzo por facer efectiva a normativa e haxa un compromiso firme na eliminación total dun produto tan prexudicial para a saúde pública e para o medio ambiente.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO** que agarda sexan aprobadas polo pleno desta Corporación:

1. Poñer en marcha campañas de formación, información e publicidade para dar a coñecer o procedemento de detección do amianto e os riscos que comporta para a saúde, así como sobre o risco que supón a súa inadecuada manipulación e informar de cales son os pasos que se deben seguir para a retirada e o tratamento destes materiais e os seus residuos.
2. Solicitar da Deputación Provincial de Ourense a aprobación dun convenio-marco ó que se adhiran os concellos da provincia co fin de realizar un inventario das construcións de titularidade das entidades locais que conteñan amianto.
3. Solicitar da Deputación Provincial de Ourense a creación dunha liña de axudas ós concellos para proceder á substitución e eliminación do amianto das edificacións recollidas no inventario anterior.
4. Instar á Xunta de Galicia para que retire o amianto naquelas edificacións que sexan da súa titularidade no noso concello e convoque unha liña de axudas, destinada a retirar aqueles elementos que conteñan amianto nas edificacións privadas.

En Allariz a 18 de outubro de 2017.

Asdo.: Zaida Rodríguez Camba.


Concelleira do PSdG-PSOE en Allariz.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ALLARIZ.-



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ





GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

